

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	09 de marzo de 2023
Duración	Dende as 12:33 ata as 12:56 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 02.03.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 02 de

Concello de Silleda

marzo de 2023.

Expediente 445/2023. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 06 de marzo, respecto da situación de vulnerabilidade social e económica dunha familia ucraína residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos eléctricos da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura da luz da vivenda na que reside a persoa interesada en réxime precario.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M.T.R.I. propietaria do inmovible que fixo fronte ó pago da factura número F2023004493 por importe de 318,73 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 446/2023. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 6 de marzo, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de febreiro de 2023 de Don J.V.A

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de febreiro 2023 de Don J.V.A. usuario do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/003183 por importe de 49,28€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 447/2023. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 6 de marzo, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de febreiro de 2023 de Dona E.F.V.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de febreiro 2023 de Dona E.F.V. usuaria do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/03184 por importe de 49,28€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 449/2023. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 6 de marzo, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago da factura de teléfono de Don J.A.R.D.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago da factura de teléfono de Don J.A.R.D á persoa solicitante da axuda.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura de teléfono nº S50019139510-0223 por importe de 38,95€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a “Orange” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 680/2022. Contratacións. “AFIRMADO DE CAMINOS MUNICIPALES 2022-2023 Plan concellos liña 1”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL preséntase escrito con Rexistro de Entrada n.º 2023-E-RE-234, de data 28 de febreiro de 2023, solicitándose unha prórroga de dous (2) meses para a finalización dos traballos da obra “AFIRMADO DE CAMINOS MUNICIPALES 2022-2023 Plan concellos liña 1”, trasladando ó 25 de maio de 2023 o final efectivo dos traballos de execución, debido a que no desenrolo do plan de traballos establecido, as condicións metereolóxicas adversas nos meses de novembro e decembro de 2022 demoraron o correcto desenrolo e execución dos traballos, non permitindo o desenrolo efectivo de dito plan de traballo e dificultando sua execución no prazo establecido.

Visto que por Román Gómez Fraiz, Director da mencionada obra emítese informe, Rexistro de Entrada n.º 2023-E-RE-259, de data 7 de marzo de 2023, favorable a prórroga solicitada.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º.- Conceder a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL para a finalización da obra “AFIRMADO DE CAMINOS MUNICIPALES 2022-2023 Plan concellos liña 1” unha prórroga

de dous (2) meses, debendo estar rematados os traballos de execución o 25 de maio de 2023.

2º.- Notificar esta acordo ó director de obra e a empresa adxudicataria da mesma.

Expediente 2051/2021. “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO INTEGRAL DAS CALDEIRAS DE BIOMASA DAS INSTALACIÓNS”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de contratación PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO INTEGRAL DAS CALDEIRAS DE BIOMASA DAS INSTALACIÓNS” (Expediente 2051/2021 de este Concello)

Vista a tramitación seguida durante a súa licitación e a reunión da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2022, suspendida e reanudada o 20 de febreiro, na que se propón a clasificación de ofertas e a consecuente proposición de adxudicación.

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa **proposta de adxudicación** a favor da empresa licitadora **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A. (NIF: A15208408)**, polo prezo de 37.300,02 euros **anuales**, que se desagrega na seguinte tabla:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE NON INCLUÍDO)	IVE	TOTAL
Oferta subministro de Pellets un ano	33.161,45 €	5%(1.658,07 €)	34.819,52 €
Oferta mantemento integral un ano	2.050,00 €	21% (430,50 €)	2.480,50 €
TOTAL OFERTA UN ANO			37.300,02 €

Visto que, a través do rexistro municipal na data 28 de febreiro de 2023 (Nº de Rexistro de entrada 2023-E-RE-235), preséntase correctamente a documentación requirida e o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación.

Visto todo o anterior e dentro da competencia que lle corresponde á Alcaldía, segundo o sinalado na DA 2ª da LCSP e, artigo 21.1 da Lei 7/85 e tendo delegada dita competencia na Xunta de Goberno Local

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato mixto de subministro e de servizos “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO INTEGRAL DAS CALDEIRAS DE BIOMASA

DAS INSTALACIÓNS” á empresa licitadora, , **VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.** (NIF: A15208408), polo prezo de **37.300,02 €**, que se desagrega en:

- 33.161,45 € correspondente ao importe do subministro de Pellets durante un ano, máis o 5% de IVE (1.658,07 €), facendo un **TOTAL de 34.819,52 € para o subministro anual de pellets.**
- 2.050,00 € correspondente ao importe do mantemento integral das caldeiras durante un ano, máis o 21% de IVE (430,50 €), facendo un **TOTAL de 2.480,50 € para o mantemento integral das caldeiras de biomasa.**

SEGUNDO.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Será necesario por iso que **concerte un contrato de seguro de responsabilidade civil xeral** por riscos profesionais que inclúa os citados no parágrafo anterior, **garantindo unha cobertura de 300.000 euros.**

Nesta póliza deben figurar expresamente como asegurados os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución do contrato imputables ao adxudicatario.

O adxudicatario comprometerase a manter a póliza de seguro nas condicións descritas dende a firma do contrato ata a finalización deste.

Deberá entregar dita póliza antes da formalización do contrato.

TERCEIRO.- A duración do presente contrato será dun ano, prorrogable dous anos máis por períodos dun ano, sendo polo tanto o prazo de duración total incluídas as prórrogas de tres anos. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con 2 meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Dita prórroga quedará condicionada a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

CUARTO.- Proceder a publicar o correspondente anuncio de adxudicación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

SEXTO.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e demais licitadores.

Expediente 1504/2022. SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE CUATRO CONTENEDORES DESTINADOS AL PUNTO LIMPIO DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA. Penalidade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto el expediente de contratación **PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO SUMINISTRO - SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE CUATRO CONTENEDORES DESTINADOS AL PUNTO LIMPIO DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA** (Expediente 1504/2022 de este Ayuntamiento)

Vista la tramitación seguida durante su licitación y la reunión de la Mesa de Contratación que tuvo lugar el día 10 de enero de 2022, suspendida y reanudada el 16 de enero, en la que se propone la clasificación de ofertas y la consecuente proposición de adjudicación.

Visto que la Mesa de Contratación eleva su propuesta de adjudicación a favor de la empresa licitadora **AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS S.L. (B06823033)**, por el precio de 24.442,00 euros, que se desglosa en 20.200 € correspondiente al importe del contrato sin impuestos y 4.242,00 € en concepto de IVA.

Visto que el 23 de enero de 2023 se notifica a **AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS S.L. (B06823033)** la resolución adoptada por la Mesa de Contratación, constando acceso a dicha notificación en el mismo día que se realiza.

Visto que la empresa no presenta la documentación requerida ni constituye la garantía definitiva exigida, la Mesa de Contratación entiende, como se infiere de lo establecido en el artículo 150.2 da Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público, que el licitador **retira su oferta**.

“De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose a exigirle el importe del 3 por ciento del presupuesto base de licitación, IVA excluido, en concepto de penalidad, que se hará efectivo en primer lugar contra la garantía provisional, si se hubiera constituido, sin perjuicio de lo establecido en la letra a) del apartado 2 del artículo 71.”

Visto todo lo anterior y dentro de la competencia que le corresponde a la Alcaldía, según lo señalado en la DA 2ª da LCSP y, artículo 21.1 da Lei 7/85 y teniendo delegada dicha competencia en la Junta de Gobierno Local

Por lo expuesto, la Junta de Gobierno Local, al amparo de las atribuciones delegadas por el Alcalde en la resolución del 20 de junio de 2019, **ACUERDA:**

PRIMERO.- En virtud de lo establecido en el artículo 150.2 de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público, **EXIGIR** el importe del 3 % del presupuesto base de licitación, IVA excluido (3% de 20.200=606 €), en concepto de **penalidad**, a **AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS S.L. (B06823033)**, por no cumplir adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado.

SEGUNDO.- Proceder a publicar la correspondiente exclusión de la empresa en el perfil del contratante alojado en la Plataforma de Contratación del Sector Público.

TERCERO.- Notificar el presente acuerdo a la empresa interesada.

Expediente 1504/2022. SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE CUATRO CONTENEDORES DESTINADOS AL PUNTO LIMPIO DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA. Adjudicación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de contratación **PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUBMINISTRO - SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CATRO CONTEDORES DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SILLEDA** (Expediente 1504/2022 de este Concello)

Vista a tramitación seguida durante a súa licitación e a reunión da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2022, suspendida e reanudada o 16 de xanerio, na que se propón a clasificación de ofertas e a consecuente proposición de adjudicación.

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa proposta de adjudicación a favor da empresa licitadora **AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS S.L. (B06823033)**, polo prezo de 24.442,00 euros, que se desagrega en 20.200 euros correspondente ao importe do contrato sen impostos e 4.242,00 euros en concepto de IVE.

Visto que o 23 de xaneiro de 2023 notificase a **AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS S.L. (B06823033)** a resolución adoptada pola mesa de contratación, constando acceso á dita notificación no mesmo día que se realiza. A empresa non presenta a documentación requirida nin constitúe a garantía definitiva esixida polo que a mesa de contratación entende, en virtude do establecido no artigo 150.2 da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público, que o licitador **retirou a súa oferta**, e polo tanto solicitaráselle a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa **proposta de adjudicación a favor da empresa licitadora** que quedou en **segundo lugar** na clasificación das ofertas, **METAL LIFE S.L. (NIF: B70512165)**, polo prezo de **24.197,58 €**, que se desagrega en 19.998 € correspondente ao importe do contrato sen impostos e 4.199,58 € en concepto de IVE.

Visto que, a través do rexistro municipal na data 02 de marzo de 2023 (Nº de Rexistro de entrada 2023-E-RE-244), preséntase correctamente o último documento requirido, constando xa a documentación necesaria e o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adjudicación.

Visto todo o anterior e dentro da competencia que lle corresponde á Alcaldía, segundo o sinalado na DA 2ª da LCSP e, artigo 21.1 da Lei 7/85 e tendo delegada dita competencia na Xunta de Goberno Local

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adjudicar o contrato de subministro **“SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CATRO**

CONTEDORES DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SILLEDA” á empresa licitadora, **METAL LIFE S.L. (NIF: B70512165)**, polo prezo de **24.197,58 €**, que se desagrega en 19.998 € correspondente ao importe do contrato sen impostos e 4.199,58 €

SEGUNDO.- Proceder a publicar o correspondente anuncio de adxudicación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

TERCEIRO.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

CUARTO.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e demais licitadores.

Expediente 503/2020. Solicitud de licenza urbanística para CONSTRUCCIÓN DE NAVE ANEXA Á EXISTENTE, USO ALMACÉN DE PIEZAS METÁLICAS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Por **Manuel Bouzada Rodríguez**, con DNI XXXXXX actuando en nome e representación de **GUMADEZA, SL**, con CIF B36351104, presentouse escrito o día 31/01/2020 (RE 25), polo que se solicita licenza urbanística para a **EXECUCIÓN DE EDIFICACIÓN INDUSTRIAL PARA ALQUILER**, sita Polígono Industrial, Area 33, 2º fase, parcela 4.1.a, Concello de Silleda que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052A038007410001LS).

Aportase xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución elaborado polos técnico José Luis Pérez Donsión,,

enxeñeiro industrial, colexiado co número 573, visado en data 11/02/2020 co número 20200342.

- Consta ingresado en data 31/01/2020, importe correspondente as liquidacións do ICIO e da taxa por emisión de informe técnico, por importe de 3.614,97 euros. Desglosados do seguinte xeito: ICIO: 3.554,97 euros e taxa 60,00 euros.
- Proposta de nomeamento de Dirección de Obra e de execución de obra visado número 20200388, Colexio de enxeñeiros industriais de Galicia.
- Consta documento de autorización da representación outorgada a José Luis Pérez Donsión por Manuel Bouzada Rodríguez. **Sen embargo non consta a acreditación da respresentación da empresa Gumadeza SL.**

2º.- Consta informe do arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, de data 16/04/2020, no que informa sobre a necesidade de cumprimentación de tramites polo interesado.

- Deberase sinalar un uso industrial concreto.
- Deberanse aportar a seguinte autorización: Servizo provincial de Estradas do Ministerio de Fomento.

3º.- Realízase requirimento en data 16/04/2020.

4º.- Consta presentado anexo ao proxecto visado nº 20201202, en data 25/05/2020.

5º.-Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 17/03/2022.

O informe favorable do arquitecto recolle nas súas conclusións o seguinte:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Taller de cerrallería metálica solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade e con posterioridade á concesión de licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non

cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

6º.- Consta no expediente informe xurídico da Secretaria María Fernanda Montero Parapar asinado 02/05/2022, no que se fai constar o seguinte:

“Visto canto antecede e en base ao informe favorable emitido polo técnico municipal á concesión da licenza emito a seguinte proposta de resolución no caso de que se de cumprimento polo interesado ao requirimento efectuado relativo a necesidade de acreditación da representación da empresa Gumadeza SL, como solicitante da presente licenza, non podendo resolver en sentido favorable, no caso de non presentala senón acordando o arquivo do expediente”.

7º.- Consta no expediente escritura de constitución da empresa solicitante da licenza, GUMADEZA S.L., ante o Notario de Lalín, Don Victorino Gutiérrez Aller, o 23 de decembro de 1999, número de protocolo dous mil setenta e nove. Na escritura désígnase a **Manuel Bouzada Rodríguez**, con DNI 35290174-D, como administrador único da mencionada mercantil.

8º.-Consta informe xurídico asinado o 06/03/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

— Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

— Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de

febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópase o “industrial”.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras: a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e desenvólvanse nunha soa planta.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO A SEGUIR.

O procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA.

As solicitudes de licenzas deberán de ir acompañadas de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, excepto que se trate, de obras menores, non sendo este o caso.

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda. En ningún caso entenderanse concedidas por silencio administrativo en contra da ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para o outorgamento das licencias correspóndelle por delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local.

3. Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

4. As solicitudes das licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse do proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente. Unha vez que se presenta no Concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

5. As peticións das licenzas resolveranse nun prazo de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

6º. Deberase cumprir o artigo 66.6 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes estes serán de uso obrigatorio polos interesados, deste xeito cando se revise unha solicitude de licenza urbanística por parte do Concello deberá revisarse o cumprimento do artigo

66 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, e 353 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, antes de entrar a revisar e informar sobre o fondo do asunto, debendo requirirse ao interesado a emenda dos defectos observados coa advertencia de entendela desistido de non cumprimentarse os requirimentos nos prazos concedidos previa resolución expresa.

CUARTO.- REQUISITOS DA SOLICITUDE.

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos segundo o establecido no artigo 353 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

- a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como unha dirección para o efecto de notificacións.
- b) Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos do mesmo, a súa localización e a edificación ou inmovible ao que afecte, así como a referencia catastral do mesmo.
- c) Xustificante de pago dos tributos municipais.
- d) As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse de proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se indica a continuación.

Unha vez presentado ante o concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo (artigo 143.3 da LSG).

Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitirle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas na mesma.

O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

Devandito proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, **razoándose** a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

A memoria do proxecto **desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216** e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala adecuada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.

Igualmente, conterá **unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.**

Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.

e) Os proxectos de obras acompañaranse do correspondente oficio de dirección das mesmas, no que se identificará o técnico ou técnicos aos que se lles teñen encomendadas.

f) Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude acompañarase dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible no que se pretenda levar a cabo.

g) No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axústanse á licenza outorgada.

h) Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.

i) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como **das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles.**

j) No seu caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

QUINTO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso. O informe do arquitecto municipal indica que a parcela sobre a que se vai levar a cabo a construción **non presenta afeccións.**

SEXTO.- CARÁCTER REGRADO E CLÁUSULA AGÁS O DEREITO DE PROPIEDAD E SEN PREXUIZO DE TERCEIROS.

A licenza urbanística é un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de carácter regrado, por virtude do que se leva a cabo un control previo da actividade proxectada polo administrado, verificando se se axusta ou non á ordenación urbanística, tendo pois a licenza unha natureza estritamente regrada, polo que se outorgará ou denegará, preceptivamente, segundo que a actuación pretendida se axuste ou non a tal ordenación, sen que o órgano competente para isto poida tomar a súa decisión en base a consideracións doutro tipo (STS 02.04.98 e 16.03.98, entre outras e arts. 350.1 RLSG e 143.1 LSG). Debido a este carácter regrado, as licenzas urbanísticas deben outorgarse ou denegarse segundo que a actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

De conformidade co art. 350.3 do RLSG, as licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que á Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. No outorgamento da licenza examínase a legalidade urbanística, o que impide que sexan cuestionadas e decididas cuestións sobre a titularidade dominical dos terreos. A través da licenza urbanística a Administración municipal actúa un control de legalidade, pero non de legalidade en xeral, senón da legalidade urbanística. De aquí deriva que non corresponde á Administración controlar, a través da licenza, a titularidade dominical dun terreo sobre o que se pretende construír, xa que o control que implica a licenza refírese aos aspectos urbanísticos da actuación proxectada e non a cuestións de propiedade, agás que a licenza solicitada afecte ao dominio público, ou incluso a bens patrimoniais de titularidade municipal (SSTS 25.07.89, 03.07.91, art. 11.3 RDUG actualmente derogado).

SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

A construción da obra obxecto deste informe, consistente na construción dunha edificación industrial de planta baixa, para **taller de ferraxería metálica**, atópase en solo clasificado segundo informe do técnico municipal como “solo urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A”, o uso declarado polo interesado é o industrial- taller.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.a) de la presente ley, se le aplicará lo dispuesto en la misma para el suelo urbano consolidado.”

No informe técnico municipal indícase que a parcela cumpre coa condición de solar prevista no artigo 17.a da Lei do Solo de Galicia, polo que se lle aplicará o disposto na presente Lei para solo urbano consolidado.

Os propietarios de solo urbano teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiren a condición de solar e a edificar estes nas condicións establecidas na presente lei e no plan aplicable e, cando cumpra, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

Sendo a edificación non so un dereito senón tamén un deber propio dos seus propietarios nos prazos establecidos.

A normativa urbanística que lle resulta de aplicación a parcela obxecto de construción atópase regulada na ordenanza denominada “solo urbano, ordenanza Industria e Almacén, IA” do Plan Parcial do polígono industrial Area 33, aprobado definitivamente o 22-10-1991, sendo obxecto de posteriores modificacións puntuais.

OITAVO.- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN EN SOLO URBANO. ORDENANZA INDUSTRIA E ALMACÉN, IA.

O uso industrial está permitido na ordenanza de aplicación, que recolle como usos permitidos “as actividades industriais que pola súa envergadura e efectos producidos necesiten localizarse en areas cuxo uso principal sexa o industrial”.

En canto ao cumprimento das condicións de edificación infórmase o seguinte:

A memoria urbanística e o informe técnico municipal xustifica o cumprimento das condicións de edificación do seguinte xeito:

a) Ocupación máxima de parcela 70%.

- *A Superficie ocupada é $65,40\% < 70\%$.*

b) Edificabilidade Máxima: 1 m²/m².

- *A superficie construída é de 686 m². Polo que a edificabilidade é de $0,65\text{m}^2/\text{m}^2 < 1 \text{m}^2/\text{m}^2$.*

c) Retranqueos mínimos:

- *Frontal: mínima de $5\text{m} > 5\text{m}$.*

- *Lateral: $. > 3\text{m}$. Adosada*

d) Altura máxima Total:

- *Altura máxima de $9 \text{m} > 9\text{m}$. Planta baixa.*

A edificación obxecto de licenza consiste na ampliación dunha nave existente, nunha parcela cunha superficie total de 1.049m²,

NOVENO.- NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que:

ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

- c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.
- d) As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
- f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Estas normas segundo o disposto no artigo 216 RLSG deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de plan urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas determinacións.

DÉCIMO.- NORMATIVA REGULADORA DA ACTIVIDADE.

Segundo o artigo 31 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, deberán obter autorización ambiental integrada todas as instalacións ás que lle resulte de aplicación o RDL 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Así mesmo quedan sometidas a esta lei as modificacións de ditas instalacións.

Neste caso o interesado solicita autorización para construír unha nave onde se vai desenvolver unha actividade de “taller de ferraxería metálica” non incluída no anexo I, categoría 9.1.b) ii) do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

En canto a necesidade de sometela actividade declarada a avaliación de incidencia ambiental a mesma tampouco se atopa incluída no catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental do Anexo da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia.

Deste xeito, unha vez rematada a obra deberase solicitar polo interesado solicitude de licenza de primeira utilización da edificación, debéndose presentar unha vez obtida comunicación previa de actividade, de conformidade co establecido no artigo 364.2 RLSG.

Polo exposto, **a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder licenza urbanística a **GUMADEZA S.L.**, con CIF B36351104, para CONSTRUCCIÓN DE TALLER DE FERRAXERÍA METÁLICA, sita Polígono Industrial, Area 33, 2º fase, parcela 4.1.a, Concello de Silleda que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052A038007410001LS).

As obras axustaranse na súa execución ao Proxecto básico e de execución elaborado polo

técnico José Luis Pérez Donsión, enxeñeiro industrial, colexiado co número 573, visado en data 11/02/2020 co número 20200342, e anexo ao proxecto visado en data 20201202, en data 25/05/2020, cuxo presuposto de execución material ascende a 157.998,46 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Figurando como directores facultativos da obra Luís Monzón Gómez e Óscar López Gómez e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Luís Monzón Gómez.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo urbano consolidado. Ordenanza Industrial e Almacén, IA.

CADRO PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
PARÁMETROS	PROXETO
Usos	industrial
Superficie parcela	1.049,00 m ²
Superficie construción	686 m ²
Ocupación	65,40 %
Edificabilidade	0,65 m ² / m ²
Altura	9 m

SEGUNDO.- O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

TERCEIRO.- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

CUARTO.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

QUINTO.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SEXTO.- Finalizadas as obras o interesado deberá solicitar a licenza de primeira utilización do edificio de conformidade co disposto no artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, debendo acompañarse da documentación que indica.

SÉTIMO.- Unha vez obtida a licenza de utilización deberase presentar comunicación previa de inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 364.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

OITAVO.-Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 467/2023. Omisión marzo 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
Emit-4	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	Servizo de atención ao público no Mostei	1.743,61
FE20235100579793	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energía Activa P1,Mecanismo	28,68
FE20235100579797	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energía Activa P1,Mecanismo	49,53
FE20235100579794	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Potencia P1,Energía Activa P	370,28
FE20235100579795	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energía Activa P1,Mecanismo	163,23
FE20235100579796	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energía Activa P1,Mecanismo	41,66
FE20235100579792	CHC ENERGIA, S. A.	Potencia P1,Energía Activa P1,Mecanismo	365,42
Decembro	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	FACTURACIÓN DECEMBRO	4.613,23
Emit-1551	CONTALOCAL S.L.	Mantenimiento informatico, contable y we	917,88
2300083	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS SERVICIO DE AUGAS	126,05
2300069	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	4.473,81
A23345	GESTCALOR, S. L.	Kg Pellets de madera a Granel de 6mm	1.194,27
A23478	GESTCALOR, S. L.	Saco de pellets de 15 kg. LIGNUS	1.042,23

509	GESTCALOR, S. L.	Kg Pellets de madeira a Granel de 6mm	1.016,61
XANEIRO 2023	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURACIÓN XANEIRO 2023	49.140,44
F2023000767	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ETAP SILLEDA	71,51
F2023000574	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE CLORADOR SIADOR	8,33
F2023004252	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE ETAP BANDEIRA	85,57
F2023002985	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ELECTRICIDADE BOMBEO RÍO TOXA	126,14
C230038	LIMPIEZAS FARO, S. L.	PERIODO DEL 02/01/2023 A 31/01/2023,LIMP	1.726,60
R31000655443	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	cable 350 megas	66,55
R31000653065	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580000 solución empresa NOBA,204110	744,73
R31000652243	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585838 solución empresa,986585838 I	61,71
R31000652233	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20345077 línea 10 megas,986592037 so	226,80
R31000652238	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20554793 plan internet 10GB,986592004	120,26
R31000652224	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581028 solución empresa NOBA,986180	122,84
R31000652242	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585550 llamadas a fijo nacional,98658	52,03
R31000652240	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581701 solución empresa,20945352	244,75
R31000652241	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580064 solución empresa NOBA,986580	72,60
R31000652381	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20355572 línea 10 megas,20537807 pla	103,24
TA70J0019670	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura	98,01
28-C3M0-000422	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvi	776,83
28-C3M0-061942	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvi	23,33
28-C3M0-060774	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvi	27,83
			70.046,59

Visto o informe de intervención nº 15 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

Expediente 454/2023. Aprobación facturas marzo 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación dos gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
F/0002/2023	ACIRA METAL, S. L.	ASENTOS PARA BANQUIÑOS	1.064,80
1939369	ACQUAJET SEMAE, S. L.	BOTELLÓNS DE AUGA	81,94
102/2023	AGRA FERNÁNDEZ , MARÍA ELENA	ALUGUER CABALOS PARA ENTROIDOS	2.940,30
L 23000667	ALS LIFE SCIENCES GALICIA, S, L,	AGUA Red silleda,AGUA Red bandeira,Edar	257,04
23/000014	ALUMINIOS COEGO, S. L.	REPARACIÓNS EN CEIP E BOMBEO	202,31
23/T27936	ARGUIZ CARAMÉS , MARÍA OLGA	PREMIO CONCURSO SILLEDADA FAI NADAL	315,00
9	ASOCIACIÓN CULTURAL OS BANDIÑOS	ACTUACIÓN NO ENTROIDO DE SILLEDADA	786,50
2300623006	ASOCIACIÓN FERIAL SEMANA VERDE DE GALICIA	PARTICIPACION EN BOLETIN Nº 25 CULTURA R	847,00
CO223454	AUSARTA CONECTA, S. L.	Cuota de comunicaciones	95,93
20230A000151	AUTOS SILLEDADA, S. L.	REPARACIÓN VEHÍCULOS	258,93
AX2322	AXOUXERE DEPORTE E ANIMACION SL	ACTIVIDADES PARA NENOS/AS NO ENTROIDO O	412,50
AX2323	AXOUXERE DEPORTE E ANIMACION SL	ACTIVIDADES PARA NENOS/AS NO ENTROIDO O	797,50
11	BAHAMONDE VILLANUEVA , JOSÉ ANDRÉS	LIMPEZA CUNETAS	2.795,10
2308600017232	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 2023	660,12
2308600016022	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 171601 180431 M_	277,67
2308600016542	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 155232 159280 M_	380,15
2308600015583	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 2023	241,88
N001529	CARLOS CASTILLA INGENIEROS, S. A.	MANTENIMIENTO DELTA NOMINA,Periodo: 01/0	1.467,38
23/10	CARPINTERÍA CUIÑA C.B.	REPARACIÓN ESTANTERÍAS NA BIBLIOTECA	84,70
FA23/187	CEXNOR TECNIC, S. L.	REVISIÓN EXTINTORES	2.896,45
10/66992	CODROGA, S.L.	SUMINISTROS PARA O SAF	308,55
10/67325	CODROGA, S.L.	SUMINISTROS MATERIAL SAF	308,55

E FRA 233	CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S. L.	"ARREGLO DE TEJADO EN PISTA DE PADEL,O C	1.552,65
06E-230011	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	UD. TALA ARBOLES FINCA EN TOXA - SILLEDA	1.168,86
06E-230014	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	DESBROCE SENDA PEATONAL A LAVADERO EN PA	629,20
06B-230041	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	MANTENIMIENTO ZONAS VERDES FEBRERO 2023.	4.295,50
6	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	MANTENIMENTO EDAR SILLEDA E BANDEIRA	1.843,08
62023	COUTO RENDO, ROCÍO	Desenvolvemento da parte do proxecto "CR	968,00
02/23	CUÑA GÓMEZ , TANIA	PREMIO SILLEDA FAI NADAL	20,10
Cult-0562023	CULTURATIVA SOC. COOPERATIVA GALEGA	Fra. Cult-056/2023 realización do espect	726,00
011230182	DIGAMEL S.A.	MATERIAL ELECTRICIDADE	205,60
022023/02/21	ECOCOMPUTER, S. L.	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral	358,57
A230151	ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S. L.	Suministro de luminaria rota por acciden	1.099,89
202305	ESTUDIO ARQUILOM, S. L. P.	Honorarios por el SERVICIO DE DIRECCIÓN	1.844,79
RC/23-5554	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS	CUOTA ASOCIADO FEMP 2023	497,97
FB2023/A009	FORJADOS BREY, S.L.	MATERIAL OBRAS	2.700,72
4	FRADE SÁNCHEZ , JOSÉ LUIS	AMBIENTACIÓN MUSICAL NO ENTROIDO DE BAND	363,00
1/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ANDURIÑA	210,00
2/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ACTÍVATE	120,00
12/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ANDURIÑA. FORMACIÓN NA AULA DE	270,00
13/2023	FUERTE CASAL , LIDIA	PROGRAMA ACTÍVATE	120,00
A/20230014	GAS LALÍN, S. L.	BOMBONAS CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE	310,02
02/23	GAS LALÍN, S. L.	REVISIÓN PERIÓDICA INSTALACIÓN CALEFACCI	91,02
A/20230072	GAS LALÍN, S. L.	BOMBONAS PARA CENTRO CULTURAL VISTA ALEG	337,02
P123049000094465	GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	SUMINISTRO GAS EDIFICIO RÚA PONTEVEDRA	92,50
FER46	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S. L.	SUB. ANIMALES CATEGORIA 2: RECOGIDA EN	41,14
008/23	GONZALEZ ABAL , ANTONIO	RESTAURACIÓN DE MURAL	1.815,00
F/0002	GRUAS SILLEDA S.L.	TRANSPORTE DE CARROZAS	435,60

F23340	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	CUCHILLA " D " **	197,86
U10047	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	REC - REC - Reconocimiento medico realiz	41,54
U10600	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	VS - Cuota fija Vigilancia de la Salud -	1.758,13
022/0000006	IGLESIAS IGLESIAS YOLANDA, S. L. N. E.	VALE REIS MAGOS	80,00
P23000110	LA VOZ DE GALICIA S.A	SILLEDA CONCELLO (Para Vivir - Futur);EN	847,00
16	LÓPEZ ROMERO , SILVIA	LIBROS CLUB DE LECTURA FEMINISTA	197,30
2023-06	MARÍA LUISA PIERRES LÓPEZ	SERVIZO DE ASESORAMENTO AXUDAS SUBVENCÍO	1.238,23
2	MATO LUACES. LIDESIL , MANUEL ÁNGEL	LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	355,74
Emit-6	MAXIMINO VÁZQUEZ SALVADO	Solicitude Subvención DCA (PERTE)	4.537,50
Emit-183	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	GRAVA 32/63 DE ANF,ZAHORRA DE ANF POR N/	1.370,57
184	MINAS DE BANDEIRA S. A.	Zahorra pistas municipais	1.778,92
008	NEIRA RODRÍGUEZ , MÓNICA	COMIODAS COA DELEGACIÓN ARXENTINA	440,00
0322-23	NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO XANEIRO 2023	363,00
535	PARQUE 7, S. L.	SERVICIO LABORAL	302,50
A/32	PÉREZ PORTELA , ADRIÁN	MATERIAL DEPORTES	253,14
02/23	PORTAS ULLOA , RAISPORT. RAIMUNDO	VALE REIS MAGOS	80,00
5626202368000132	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	306,23
23ZNX0004384	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - CONCELLO	432,86
B/1.473	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAL MANTEMENTO	30,30
B/1.930	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAL MANTEMENTO	24,70
7	SOBRADO CONDE , REBECA	TALLER DE MUSICOTERAPIA XERONTOLOXICA. C	1.881,00
4003609797	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta(l) 0 - 20 gr N ZONA1 EUROPA, Carta(303,42
4003631045	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta(l) 0 - 20 gr N ZONA1 EUROPA, Carta(210,48
2023/0261	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamento RU Mes Xaneiro 2023, Bonificac	16.029,79
23/1005A	SOLAREL, S. L.	SERVIZO CAMIÓN GRUA AVERÍAS ELÉCTRICAS	774,40
23B/0000030	SOLAREL, S. L.	MATERIAL ELECTRICIDADE	187,70

Concello de Silleda

23b/0000024	SOLAREL, S. L.	MATERIAL ELECTRICIDADE	1.009,25
F06000R-8039	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S-A- U-	LAMP.SODIO-AP SON PLUS 70W OVOIDE C/IGNI	438,52
F06000R-11194	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S-A- U-	BOMBILLA FAROLA 50W 5000LM 4000K E27	170,72
Emit-6	SOTEGA NOROESTE, S. L.	REPARACION	889,35
Emit-7	SOTEGA NOROESTE, S. L.	REPARACION,REPARACION	194,81
1599230000009 87	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	Estación: LALIN, Matrícula: 6376CYP,Esta	108,66
5	TALLER OTERO, S. C.	REPARAACIÓN MAQUINARIA	1.302,49
C2300043	TOCA SALGADO, S. L.	CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DEPURADORA U	1.502,47
C2300120	TOCA SALGADO, S. L.	CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DEPURADORA U	6.132,24
RM5352	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A.	HORAS DE MANO DE OBRA TALLER,LTS. ANTICO	1.512,73
2231008604	UNIPREX, S. A. U.	EMISORA:LALIN OCR; REF.EXTERNA.;ORDEN:17	284,35
SI 20237	UTE SILLEDA SOSTIBLE	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RS	32.757,09
3970	VARELA MOURE , MANUEL	MATERIAL PARA O SAF	609,84
FVR202318002 566	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	SUSTITUCIÓN DE VAINA DEPOSITO (OT1364905	96,20
A/57	VIVAS RAMÍREZ , ENAR REBECA	LIMPEZA INSTALACIONS MUNICIPAIS	336,68
TOTAL			120.964,24

FOD - Expediente 287/2023. Servizos Sociais. BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 287/2023

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 09 de marzo de 2023.

Vista a necesidade de creación dunha Bolsa de Traballo específica de Auxiliares de Axuda no Fogar, co fin de cubrir baixas, vacantes, aumento de usuarios/as ou calquera outra necesidade urxente que puidese xurdir, para a prestación dos servizos sociais no municipio.

Visto que esta Bolsa utilizarase para a realización de contratacións temporais, a xornada completa ou parcial, de acordo coas necesidades do Servizo, por circunstancias urxentes ou acumulación de tarefas.

Visto que o artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esixe que a selección deste persoal laboral temporal se realice mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Polo exposto, **a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar unhas novas BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

Segundo.- Convocar o presente proceso de selección podendo presentarse as correspondentes instancias para a participación no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios Electrónico e Páxina Web do Concello de Silleda, podendo presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9 a 14 horas ou nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao establecido nas Bases

Terceiro.- Publicar as Bases co texto íntegro e todos os anuncios da presente convocatoria na páxina web municipal e no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

PRIMEIRA.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esixe que a selección deste persoal laboral temporal se realice mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

SEGUNDA.- OBXECTO DAS BASES

É obxecto destas Bases a creación dunha Bolsa de Traballo específica de Auxiliares de Axuda no Fogar, co fin de cubrir baixas, vacantes, aumento de usuarios/as ou calquera outra necesidade urxente que puidese xurdir, para a prestación dos servizos sociais no municipio. Esta Bolsa utilizarase para a realización de contratacións temporais, a xornada completa ou parcial, de acordo coas necesidades do servizo, por circunstancias urxentes ou acumulación de tarefas.

Unha vez constituída a Bolsa de Traballo, a súa permanencia non suporá, baixo ningún concepto, a existencia de relación xurídica ningunha entre os integrantes da mesma e o Concello de Silleda, ata que non se produza o chamamento para ocupar un posto de traballo e se formalice a relación contractual. A pertenza á Bolsa de Traballo non conleva dereito ao chamamento, se non existisen necesidades de servizo que xustificasen a contratación.

Para o acceso á presente Bolsa esixírase calquera das seguintes titulacións:

- Técnico/a en coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente
- Técnico/a de Atención Socio-sanitaria ou equivalente
- Certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais.
- Certificado de profesionalidade de Atención Socio-sanitaria a persoas no domicilio.
- Certificado de habilitación excepcional para o exercicio profesional na categoría de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.
- Certificado de habilitación provisional para o exercicio profesional na categoría de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

TERCEIRA.- MODALIDADE E TIPO DE CONTRATO

O período de contratación efectuarase atendendo ao número de usuarios/as e ás necesidades derivadas do servizo, que determinará o Concello de Silleda en cada caso concreto.

O prazo máximo de contratación, incluídas prorrogas, no caso de contratación por circunstancias da produción será de 6 meses, independentemente da xornada laboral para a que foi contratado/a. No caso de contrato de substitución de persoa traballadora con reserva de posto, a duración limitarase ao tempo que dure dita substitución.

A contratación quedará condicionada á xustificación de que se cumpren as condicións establecidas no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores para acceder á contratación temporal, así como á existencia de crédito adecuado e suficiente, a condición de que o/a traballador/a desempeñe as súas funcións axeitadamente. Entenderase que cumpre este último requisito (desempeñar as súas funcións axeitadamente) cando non exista informe motivado desfavorable do servizo. En caso de existir este, non se poderá proceder ao chamamento.

Cando finalice a relación contractual entre o Concello de Silleda e o/a traballador/a, este/a incorporarase ao último posto da Bolsa de Traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, co fin de dar oportunidade laboral ás persoas que constitúen a mesma.

Se varios traballadores/as se atopan nesta situación ao mesmo tempo, a reincorporación efectuarase priorizando a orde inicial en que se atopasen na Bolsa de Traballo á data de constituírse.

No caso de que o/a traballador/a estivera contratado por circunstancias da produción no cómputo total (contrato orixinal máis prorrogas) por un período inferior a 6 meses, incorporarase ao mesmo lugar que tiña na Bolsa de Traballo a efectos do seu chamamento, ata que alcance o período total de 6 meses.

Os contratos de traballo serán de carácter laboral temporal, a xornada completa ou parcial, segundo as necesidades do servizo, así como das actividades que se desenvolvan, segundo o Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro (art. 15.1): contratos por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora con reserva de posto de traballo.

CUARTA.- REQUISITOS

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos acreditados á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto na lexislación vixente
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, así como non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións, que deberá manifestarse por parte do aspirante mediante Declaración Responsable (Anexo II). Cando o aspirante teña recoñecida unha discapacidade por Organismo Público competente, deberá acreditar mediante Certificado do Centro Base que posúe a capacidade suficiente para o desenvolvemento das funcións e tarefas, que deberá achegar se supera o proceso selectivo.

Con independencia do recoñecemento dunha discapacidade, o Concello requirirá a calquera aspirante seleccionado/a para iniciar unha relación contractual para que acredite mediante Certificado do Centro Basee que pode efectuar as funcións e tarefas específicas que se lle encomenden relacionadas co posto de traballo ofertado.

- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder á idade de xubilación forzosa, salvo que por lei establézase outra idade máxima para o acceso ao emprego público.

- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non acharse en inhabilitación absoluta, nin acharse en inhabilitación para o exercicio das funcións propias do corpo, escala ou categoría obxecto da convocatoria mediante sentenza firme ou por ser despedido disciplinariamente de conformidade co previsto no artigo 96.1 b) do

Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida na Base Segunda, ou cumprir os requisitos para a súa obtención na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

f) Non estar incurso en causa de incompatibilidade das establecidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (CELGA II), ou superior, ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente. No suposto de non posuír este certificado ou título equivalente o aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego regulado nas presentes bases.

QUINTA.- PRESENTACION DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes presentánsense conforme ao Modelo normalizado Anexo I no Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e irán dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán conter na devandita solicitude o estampado da oficina de Correos, expresando a data, antes de ser introducidas no sobre certificado, que acredite a presentación da solicitude no prazo establecido na convocatoria, non admitíndose aquelas que presentadas fóra de prazo, non o contivesen.

Poderanse presentar solicitudes nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares, aos Concellos dos Municipios a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ou á do resto das entidades que integran a Administración Local se, neste último caso, subscribiuse o oportuno convenio.

2.- Na solicitude deberá identificarse obrigatoriamente un correo electrónico, que servirá como medio de notificación dunha oferta de traballo.

3.- Os/as aspirantes achegarán á devandita solicitude, segundo modelo normalizado Anexo I, a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade, ou documento acreditativo de identidade do aspirante.
- Fotocopia da titulación esixida, segundo a Base Segunda da presente convocatoria.

- Declaración xurada segundo modelo Anexo II.
- Documentación acreditativa dos méritos a baremar polo Tribunal Cualificador.
- Certificado de lingua galega 2 (CELGA II), ou superior, ou do curso de aptitude equivalente no caso de posuilo

Nas solicitudes deberá manifestarse que se reúnen todas e cada unha das condicións fixadas na convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

4.- O prazo de presentación das solicitudes será de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios Electrónico e Páxina Web do Concello de Silleda, podendo presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9 a 14 horas ou nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao establecido nestas Bases.

As bases específicas e todos os anuncios da presente convocatoria, serán obxecto da adecuada publicidade mediante a publicación do texto íntegro das Bases e anuncios na páxina web municipal e no Taboleiro de Anuncios electrónico do Concello.

SEXTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde-Presidente do Concello de Silleda, ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na páxina web do Concello de Silleda, con expresión, no seu caso, das causas de exclusión concedendo un prazo de tres días hábiles para emendar as deficiencias.

Finalizado o prazo de corrección de erros, ditarase Resolución coa lista definitiva de admitidos/as na que se determinará a composición nominal do Tribunal de Selección e será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Silleda, así como o día en que polo Tribunal Cualificador procederá á baremación dos méritos achegados.

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Alcaldía por Resolución poderá declarar a corrección de erros de feito en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado.

SEPTIMA.- PROBAS SELECTIVAS

O procedemento de selección dos/as aspirantes será o de concurso, que consistirá na valoración dos méritos debidamente acreditados polos aspirantes con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, con arreglo ao seguinte baremo:

A.- Formación: Máximo de 5 puntos.

Soamente se valorarán os cursos relacionados co posto de traballo da seguinte maneira:

- De 10 a 20 horas: 0,10 puntos.
- De 21 a 40 horas: 0,20 puntos.
- De 41 a 80 horas: 0,40 puntos.
- De 81 a 150 horas: 0,60 puntos.

Acreditarse coa achega de certificación ou documento acreditativo expedido polo Organismo competente.

B.- Experiencia laboral: Máximo 5 puntos.

- Por servizos prestados como AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR en Administracións Públicas.

Por mes traballado e xornada completa: 0,20 puntos. A puntuación para outorgar para as xornadas parciais, obterase de forma proporcional.

- Por servizos prestados como AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR en empresas privadas.

Por mes traballado e xornada completa: 0,10 puntos.

Os servizos prestados en Administracións Públicas acreditaranse mediante a achega dos seguintes documentos:

1) Certificado de Servizos Prestados emitido pola Administración competente na que se prestou o servizo, onde conste expresamente o número de horas traballadas, a categoría profesional e o servizo prestado.

2) Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán os servizos que non se acrediten con ambos documentos.

Os servizos prestados en empresas privadas acreditaranse mediante a achega dos seguintes documentos:

1) Fotocopia compulsada dos contratos de traballo acreditativos da prestación do referido servizo.

2) Informe de Vida Laboral, expedido pola Seguridade Social.

Non se valorarán os servizos que non se acrediten con ambos documentos.

PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTENER: A puntuación mínima para superar a fase de concurso é de 0.5 puntos. Os/as aspirantes que non obteñan dita puntuación mínima non se integrarán na Bolsa de

Traballo.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Para o caso de non acreditar a posesión do certificado de lingua galega 2 (Celga II) ou equivalente, os participantes deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación por parte do tribunal de que comprenden, falan e escriben o galego, cualificándose esta proba de <<apto>> ou <<non apto>>.

Esta proba constará de 10 preguntas, que consistirán na contestación a un cuestionario tipo test con 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

Para a realización desta proba dispórase dun tempo máximo de 15 minutos.

A cualificación será de <<apto>> ou <<non apto>>. Para obter a cualificación de <<apto>> será preciso contestar correctamente a un mínimo de 5 preguntas.

A proba terá carácter eliminatorio, de forma que os opositores que non a superen quedarán excluídos do proceso.

Concluída a realización desta proba, publicarase a relación de persoas que conseguiron a cualificación de <<apto>>.

CRITERIOS EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACION OBTIDA: En caso de empate entre os/as aspirantes atenderase aos seguintes criterios de forma decrecente: Maior puntuación obtida na experiencia profesional, maior puntuación obtida nos cursos realizados.

De persistir o empate, procederase a resolvelo mediante un sorteo público entre os/as aspirantes que se atopan na situación de empate mediante insaculación.

O Tribunal decidirá o día e hora de realización de sorteo, publicando un anuncio da data no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

OITAVA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal de Selección das probas selectivas será designado pola Alcaldía en base aos principios de especialidade, imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase á paridade entre muller e home. Estará integrado por un número impar de membros, non inferior a cinco, cos seus respectivos suplentes, entre empregados públicos da Administración. Todos os membros do Tribunal actúasen con voz e voto.

Os membros do Tribunal de Selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido na convocatoria e preferentemente deberán pertencer á área que se selecciona.

Cando as probas selectivas, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellase, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo con carácter

temporal, de asesores/as especialistas na materia obxecto da convocatoria, e baixo a dirección do Tribunal de Selección, limitándose a súa actuación para prestar a colaboración técnica que se lle requira, con voz e sen voto.

O Tribunal Cualificador constituirase, previa convocatoria do Presidente, e continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

Na sesión constitutiva o Tribunal acordará todas as decisións que lle corresponda, en orde ao correcto desenvolvemento do proceso selectivo, e eliminará as circunstancias que xeren desiguais oportunidades na práctica das probas para os aspirantes con discapacidades.

O Tribunal ou Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, do Presidente e do Secretario ou de quen os substitúa, e da metade, polo menos, do resto dos seus membros con dereito a voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo á Corporación, cando neles concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, e polas mesmas causas, poderán ser recusados polos aspirantes na forma e casos que determina o artigo 24 do mesmo texto legal.

NOVENA.- RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

A relación coa puntuación provisional será publicada na páxina web e no Taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, concedendo un prazo de tres días hábiles para que se poidan efectuar reclamacións. Finalizado o prazo de reclamacións ás puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes, o Tribunal de Selección procederá á resolución das reclamacións presentadas que será notificado aos interesados, procedendo a publicar no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal as puntuacións definitivas obtidas.

O Tribunal de Selección propoñerá ao Alcalde-Presidente a constitución da bolsa de traballo de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar pola orde de puntuación obtido de maior a menor, que será acordada por Resolución da Alcaldía-Presidencia.

Na Resolución da Alcaldía-Presidencia establecerase a data de entrada en vigor, procedendo a publicar o anuncio de constitución da bolsa de traballo no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Silleda. Contra os actos do Tribunal de Selección, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos enalzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DECIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E CONTRATACIÓN

Nas solicitudes, co obxecto de facilitar a localización das persoas para contratar deberá

identificarse obrigatoriamente un correo electrónico, co fin de realizar avisos e notificacións.

O correo electrónico será a forma de notificación dunha oferta de traballo. O tempo máximo de resposta á oferta de traballo será de vinte e catro horas.

Constituída a Bolsa de Traballo iranse realizando chamamentos para contratacións temporais segundo necesidades do servizo pola orde de puntuación obtido de maior a menor polos/as aspirantes; os chamamentos realizáense mediante correo electrónico que conste na solicitude do opositor/a.

Unha vez transcorrido as vinte e catro horas concedidas dende a notificación efectuada ao correo electrónico facilitado na solicitude de participación na bolsa de traballo, levará a súa situación ao último posto desta Bolsa de Traballo, ofertándose o contrato de traballo, neste caso, ao seguinte aspirante da lista seguindo o mesmo procedemento.

Os datos que figuran na solicitude presentada considéranse válidos a efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar no Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Silleda calquera variación dos mesmos.

DECIMOPRIMEIRA.- RENUNCIAS

1.- Con carácter xeral, cando o interesado non comparecese nas Oficinas Municipais do Concello no prazo establecido de dous días hábiles para a aceptación ou renuncia ao posto de traballo ofertado desde a notificación recibida mediante teléfono móbil facilitado ou ao correo electrónico ou non conste de maneira fidedigna nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, levará a súa situación ao último posto desta Bolsa de Traballo.

2.- A renuncia a unha cobertura temporal polas causas xustificadas que a continuación se expresan levará a situación de inactivo, permanecendo no mesmo posto da bolsa de traballo durante o período que dure o motivo que motivase a citada situación, a condición de que quede debidamente xustificado documentalmente.

Finalizada a causa que dá lugar ás situacións relacionadas, deberase comunicar no prazo máximo de 15 días no Rexistro Xeral de Entrada de documentos, que ata esa notificación manterá ao candidato/a na situación de inactivo na bolsa correspondente.

Darase como alta dispoñible a partir do día seguinte ao que comunique de maneira fidedigna nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, a súa dispoñibilidade.

Se o candidato/a non realiza dita notificación no prazo indicado supoñerá a súa exclusión definitiva da bolsa. Con carácter xeral, serán causas xustificadas, as seguintes:

- Causas de enfermidade debidamente acreditadas por un médico de Asistencia Sanitaria, ou situación de baixa por incapacidade temporal do interesado con data anterior ao momento da comunicación da oferta de traballo.

- Por enfermidade moi grave do cónxuxe ou familiar ata o 1er grao de consanguinidade ou afinidade acreditada por certificado e libro de familia.
- En caso de maternidade, se a renuncia se produce entre o sétimo mes de embarazo e a décimo sexta semana posterior ao parto, décimo oitava se o parto é múltiple.
- Atoparse en situación de alta laboral independentemente de que a xornada sexa a tempo completo ou parcial.

Estas causas deberán ser xustificadas no prazo máximo de vinte e catro horas concedido para a aceptación ou renuncia ao posto de traballo.

No caso de non xustificar documentalmente as citadas situacións no prazo concedido para o efecto nas Oficinas do Concello, o/a aspirante resultará excluído automaticamente da bolsa de traballo.

3.- Prodúcese a exclusión automaticamente da Bolsa de Traballo nos seguintes casos:

- Renuncia ao posto de traballo ofertado, sen acreditar causa xustificada.
- Non superar o período de proba establecido no contrato de traballo no seu caso.
- Se iniciado un expediente disciplinario ao traballador afectado cualificácese a falta como grave ou moi grave.
- Quen incorra na falsificación ou omisión dos datos achegados na solicitude.
- Informe negativo sobre o desenvolvemento dos labores profesionais desenvoltos en contratacións anteriores.
- A falta de presentación inxustificada da documentación requirida para a realización do contrato, no prazo establecido.
- Non presentarse na data establecida polo Departamento de Persoal ao obxecto de proceder á firma do contrato de traballo, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

A exclusión da Bolsa de Traballo resolverase por Resolución da Alcaldía- Presidencia e notificación ao interesado, nos termos expresados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O persoal laboral temporal afecto á contratación en virtude das presentes bases, non lle será de aplicación a declaración de excedencia nin outras situacións administrativas previstas na lexislación vixente.

A renuncia ao posto de traballo unha vez iniciada a relación contractual, leva como consecuencia

a súa expulsión desta Bolsa de Traballo.

DECIMOSEGUNDA.- INCIDENCIAS

O Tribunal de Selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten, adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento da Bolsa e interpretar as súas bases en todo o non previsto por elas expresamente.

DÉCIMO TERCEIRA.- RECURSOS

A presente convocatoria e bases, e os actos administrativos que da mesma derivasen, poderán ser recorridos polos interesados lexítimos, na forma e prazo previstos nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMO CUARTA.- DISPOSICIÓNS APLICABLES

En non o previsto nas presentes Bases, será de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 30/1984, do 2 de Agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

NOME E APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

CODIGO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELEFONO MOBIL:

EXPÓN:

Primeiro.- Que tendo coñecemento da publicación na sede electrónica do Concello de Silleda, en data _____ da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Trballo de polo Excmo. Concello de Silleda.

Segundo.- Que esta en posesión do Titulo de _____ esixido nas Bases que rexen a convocatoria e reúne todas e cada un dos requisitos esixidos na mesma á data de presentación de solicitudes.

Terceiro.- Que Acepto como medio de comunicación o correo electrónico facilitado na presente solicitude.

Cuarto.- Que presenta a seguinte documentación orixinal ou fotocopia compulsada xunto coa presente solicitude:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou documento acreditativo da identidade do aspirante.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para a praza.
- Declaración responsable segundo modelo Anexo II. En base ao exposto,

SOLICITA:

1.- Teña por presentado este escrito para o seu tramitación nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas.

2.- Ser admitido/a en a convocatoria de selección para a constitución da Bolsa de Trballo de do Excmo. Concello de Silleda.

En Silleda ade.....de 2023.

Asdo.....

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SILLEDADA

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDADA

NOME E APELIDOS:

DNI:

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

CORREO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO MÓBIL:

DECLARA a efectos da súa contratación que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non estar incurso/a en inhabilitación absoluta, nin inhabilitado/a para o exercicio das funcións propias do corpo, escala ou categoría obxecto da convocatoria mediante sentenza firme ou por ser despedido disciplinariamente de conformidade co previsto no artigo 96.1.b do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

DECLARA non estar incurso en causa de incompatibilidade das establecidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Así mesmo, **DECLARA** que posúe a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, así como que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na presente convocatoria.

Todo isto relativo á solicitude de participación na Bolsa de Trabajo **DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** no Excmo. Concello de Silleda

En Silleda ade.....de 2023.

Asdo.....

FOD - Expediente 1790/2020. Licenza de primeira utilización.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1790/2020

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 09 de marzo de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente autorización por parte de **JOSÉ RAMÓN GARCÍA CARREIRA**, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXXXX, representante legal de **SAT "O CHOPE" N° 1351**, inscrita no Libro do Rexistro SAT de Galicia con NIF V-36520856, a favor de Ramón Moreira

García, Enxeneiro Técnico Agrícola, titular do Documento Nacional de Identidade nº XXXXX para realizar os trámites oportunos no Concello de Silleda para a presentación electrónica do certificado final de obra e do certificado de estanqueidade e impermeabilidade de fosas referente o proxecto de **“Ampliación de explotación de gando porcino para cebo para unha capacidade de 676 animais”**, no lugar de Lis, San Mamede de Moalde, Silleda.

2º.- Con data de 22 de setembro de 2020 e número de rexistro de entrada neste Concello 2020-E-RE-813 Ramón Moreira García en representación de SAT O CHOPE Nº 1352 solicita licenza de actividade. Acompáñase esta solicitude do **CERTIFICADO FINAL DO OBRA** visado nº 253/20 de data 21 de setembro de 2020 do enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García (colexiado 1.666) e de **CERTIFICADO DE ESTANQUIDADE** redactado polo mesmo técnico e na mesma data que o certificado final de obra.

Segundo o certificado final do obra presentado, a obra de nave e fosa de purín construíronse segundo licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de agosto de dous mil dezaseis.

Segundo o certificado final de obra o presuposto de execución material das obras (PEM) ascendeu a 151.707,08 € (CENTO CINCUENTA E UN MIL SETECENTOS SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS).

3º.- Con data de 8 de novembro de 2021 a que era nese momento Técnica de Urbanismo do Concello de Silleda, Carolina Cajide Barbeito, visita á citada explotación para comprobar se a realización das obras se axustan á licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de agosto de dous mil dezaseis.

No informe que a citada técnica redacta recóllese o seguinte:

“...6.- Realizada visita comprobouse que hai variacións, entre outros, en:

- *Cambiouse o deseño da fachada norte ao no realizar o paramento e porta do almacén*

(alzado posterior do proxecto que obtivo licenza).

- *Cambiouse a localización do silo sito na fachada sur (alzado frontal do proxecto que obtivo licenza) e nesa fachada construíuse un peirao de carga que non aparece no proxecto que obtivo licenza.*
- *Peche da fosa de purín. No proxecto indicábase que se colocaría unha malla metálica mentres que se construíu un muro de formigón sobre o que se colocou malla metálica.*
- *Colocouse unha porta no alzado leste (alzado lateral dereito do proxecto que obtivo licenza) que modificou a distribución interior da nave.*

7.- O Concello de Silleda conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente con data de 4 de xuño de 1981, con data de publicación no DOG o 15 de xullo de 1.981. Segundo o PXOM, o solo onde se atopa a edificación está cualificado como SOLO NO URBANIZABLE NORMAL, e de acordo co establecido na disposición transitoria primeira da LSG, de réxime de aplicación da lei en municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, onde se indica no punto 2d que “nos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/202, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ao solo non urbanizable ou solo rústico, se lle aplicará o disposto na presente lei par ao solo rústico”. Segundo o artigo 34, “o planeamento clasificará coma solo rústico de especial protección os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo terrestre hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”, encadrándose como solo rústico de protección das augas (a parcela atópase na zona de policía do Rego Chapa) e solo rústico de protección de infraestruturas (a parcela atópase na zona de afección do aeroporto de Santiago de Compostela).

Ao non adaptarse a obra realizada á licenza concedida é necesario, previo á obtención da licenza de primeira utilización, obter una nova licenza de obra que legalice as obras realizadas sen amparo de licenza tal como establece o artigo 153 en relación co 152 da LSG.

Con respecto á avaliación ambiental tal como establece o apartado 9.3. Instalacións de gandaría

do do ANEO I do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, en relación co apartado c) e d) do mesmo apartado é necesario tramitar a declaración de incidencia ambiental ante o órgano da consellería competente en materia de medio ambiente.

8.- A vista do indicado con anterioridade deberase:

a. Presentación dos Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso, debidamente visado.

b. Presentación dun anexo visado que recolla todas as modificacións realizadas. Este anexo incluírá unha memoria que explique os cambios realizados e xustifique o cumprimento da normativa de aplicación (incluído o Real Decreto 306/2020, de 11 de febreiro, por el que se establecen normas básicas de ordenación de las granjas porcinas intensivas, y se modifica la normativa básica de ordenación de las explotaciones de ganado porcino extensivo), planos a escala adecuada acotados, presuposto que inclúa as variacións realizadas e todos aqueles documentos que se consideren necesarios para poder obter a licenza de primeira utilización. Xustificarase o cumprimento do CTE DB-SI.

9.- A maiores, en base ao indicado no apartado 7 do presente informe hai que obter:

1. Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.
2. Autorización de Augas de Galicia para a obra executada.
3. Declaración de incidencia ambiental do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Pontevedra dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas”.

4º.- Consta no expediente requirimento asinado polo Alcalde de este Concello, Manuel Cuíña Fernández, na data 29 de novembro de 2021, da documentación que a Técnica de urbanismo, Carolina Cajide Barbeito, consideraba necesaria para continuar co expediente.

5º.- Consta no expediente un **ANEXO AO CERTIFICADO FINAL DE OBRA**, aclaratorio relativo as modificacións derivadas e introducidas durante a execución das obras, redactado e asinado polo mesmo técnico redactor inicial, D. Ramón Moreira García, na data 02 de marzo de 2023. Visado número 253/20 do 03 marzo de 2023.

6º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza de primeira ocupación da Arquitecta Técnica Verónica Chaves González, de data 08/03/2023.

Procede destacar que a Arquitecta Técnica, Verónica Chaves González, cambia de criterio conforme ó informe asinado pola Técnica municipal de urbanismo no seu momento, Carolina Cajide Barbeito. En concreto, o informe da Arquitecta Técnica no que se basa a concesión da licenza de primeiro uso/ocupación/utilización, establece que as variacións son admisibles e non supoñen alteración do cumprimento dos parámetros urbanísticos aplicables, baixo os que foi concedida a licenza municipal de obras.

Considerando que son **variacións de carácter non substancial do proxecto e correspondente licenza de obras outorgada**, polo que non procedería o requirimento de documentación que non se tiña que aportar no momento da concesión da licenza municipal de obras.

O informe favorable da Arquitecta Técnica recolle o seguinte:

“...O obxecto do presente informe, versa no senso do outorgamento da licenza de primeiro uso/ocupación/utilización da ampliación efectuada sobre as instalacións existentes na parcela de SAT O CHOPE, sitas no lugar de Lis, San Mamede de Moalde, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052A025006560000KA), conforme licenza outorgada. A tramitación do presente expediente, resulta a consecuencia da solicitude efectuada no seu día, e continuidade na tramitación da mesma.

- Para elo a documentación presentada, acompañada inicialmente e en data actual, refírese a:

o Certificado final de obra asinado polo director das obra D. Ramón Moreira García (Enxeñeiro

técnico agrícola colexiador nº1.666), visado polo colexio oficial correspondente (número visado 253/20 do 21.09.20), asinado en data 18.09.2020.

o Certificado de impermeabilidade e estanqueidade da foxa de xurros executada en data 18.09.2020.

o Anexo ao certificado final de obra, aclaratorio relativo as modificacións derivadas e introducidas durante a execución das obras, redactado e asinado polo mesmo técnico redactor inicial, D. Ramón Moreira García, en data 02.03.2023. Visado número 253/20 do 03.03.2023. Neste punto relaciónanse as modificacións levadas a cabo, identificadas como compatibles e sen alteración respecto da licenza outorgada, relativas a: balsa de xurro, disposición silo, formación de espazo de carga, apertura de porta e modificación de alzado traseiro en dimensión de portal de acceso. Acompañan documento en separata relativo a estado definitivo, con definición destes pequenos cambios e planimetría de estado final.

4.- INFORME:

-Á vista da documentación anterior, pode constatarase conforme ao certificado final de obras emitido, o remate das obras de ampliación da construción de referencia. Constatándose en visita de inspección realizada ao efecto en data 07.03.2023.

-Na edificación téñense executado, con respecto do recollido no proxecto para o que foi concedida a correspondente licenzade obras as seguintes variacións:

- Incremento altura sobre rasante dos muros perimetrais constituíntes da fosa de xurros, debido o desnivel do terreo, respecto da proxectada inicialmente: incremento aproximado de 1,00m. A superficie construída en planta e capacidade en volume de almacenamento de 630m³, non sufriu variación. Cumpre. Non alteración parámetros urbanísticos. Volume de construción auxiliar axustado as construcións da contorna. Non modificación de carácter substancial.

- Lixeira variación en posición de silo de abastecemento a nave en fachada sur do volume (desprazo aproximado de 2,00m). Instalación axustada, non alteración recadros mínimos de separación.

- Formación de plataforma en fachada sur en formigón armado para salvar o desnivel resultante de 0,75m da porta de acceso/saída da nave nesta cara da nave coa rasante do terreo. Elemento en consideración de elemento auxiliar de urbanización recollido en anexo a certificación final de obra. Non alteración obras e uso proxectados. Non consideración de superficie edificada. Non computa a efectos de superficie de ampliación.

- Apertura de porta de paso en fachada leste da nave. Xustificación anexo cumprimento e non alteración de normativa de protección contra incendios. Non afección nin variación capacidade da nave 52 aloxamentos de animais. Formación de corredor interior de comunicación con este acceso auxiliar configurado.

- Axuste en delimitación de fachada norte de nave, mediante cerramento en bloque prefabricado de formigón enfuscado ecolocación de portal de accesometálico. Variación dimensión portal.

-Estas variacións son admisibles e non supoñen alteración do cumprimento dos parámetros urbanísticos aplicables, baixo os que foi concedida a licenza municipal de obras.

Variacións de carácter non substancial do proxecto e correspondente licenza de obras outorgada.

5. CONCLUSIÓN:

Polo que, tendo en conta o anterior, infórmase FAVORABLEMENTE a viabilidade da concesión da licenza de primeiro uso/ocupación/utilización das obras autorizadas, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión reunida en data 31.08.2016, para a “Ampliación de explotación de gando porcino para cebo para unha capacidade de 676 animais” no lugar de Lis, San Mamede de Moalde, Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052A025006560000KA) de acordo coa documentación presentada polo enxeñeiro técnico agrícola D.Ramón Moreira García”.

7º.- Consta informe xurídico de data 9 de marzo de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

Artigo 142. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas

singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Artigo 143. Procedemento de outorgamento de licenzas

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Artigo 144. *Prelación de licenzas e outros títulos administrativos*

1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralles ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

SEGUNDO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

“3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de

comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración”.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

“Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente”.

Polo exposto, a **Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **JOSÉ RAMÓN GARCÍA CARREIRA**, representante legal de **SAT “O CHOPE” Nº 1351**, inscrita no Libro do Rexistro SAT de Galicia con **NIF V-36520856**, **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN**, unha vez comprobado pola arquitecta técnica que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licenza urbanística concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda**, en sesión celebrada o día 31 de agosto de 2016 que otorgaba licenza a José Ramón García Carreira para **“AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO DE CEBO PARA UNHA CAPACIDADE DE 676 ANIMAIS”** nas parcelas con referencia catastral

36052E50800541, 36052A02500445, 36052A02500446, 36052A02500447 e 36052A02500448 sita no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García Visado polo Colexio Oficial 4.03.2016, nº 82/16.

SEGUNDO.- Requirir o interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios polo importe que corresponda en virtude do establecido no artigo 5 da ordenanza municipal.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE